



## Decreto de Alcaldía

**Procedemento: Subvención para o obradoiro dual de emprego “PORREMPREGO CUALIFICA II” para o ano 2023 (código de procedemento TR353A)**

**Nº Expediente GESTIONA: 2911/2023**

En data 07/12/23 a Concelleira delegada de Emprego e Formación, D<sup>a</sup>. Ascensión Rosario Costas Táboas, emite proposta para cubrir as contratacións vacantes de dirección e docencia no OE PORREMPREGO CUALIFICA II, a cal se transcribe literalmente:

*“En data 16/10/23 o Xefe Territorial de Vigo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade resolve conceder unha subvención ao Concello do Porriño para a contratación na modalidade de contrato de traballo para a formación en alternancia para 20 alumnos/as-traballadores/as para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral para o persoal directivo(2), docente(2) e de apoio(1), que responden a necesidades urxentes e inaprazables, de conformidade coa ORDE do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), publicado no DOGA número 85, do 04/05/23; subvencionado nos termos descritos; e seguindo a Instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación de data 14/06/23 e 18/10/23, modificada polo artigo 168 do Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo polo que desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, de aplicación ao persoal docente das especialidades formativas.*

*Finalizado o proceso de selección do persoal mediante Publicación do resultado do OE PORREMPREGO CUALIFICA II de data 05/12/23 e á vista que quedan desertas as contratacións dos docentes.*

*Procedeuse á revisión das bases e da documentación presentada polas persoas aspirantes excluídas, do cal resulta que nos requisitos mínimos non baremables esixíase para o persoal docente:*

- “• Cumprir os requisitos establecidos para os certificados de profesionalidade correspondentes segundo RD 1376/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 619/2013, de 2 de agosto; e RD 1376/2008, de 1 de agosto, modificado polo RD 619/2013, de 2 de agosto.*
- Experiencia profesional mínima de 12 meses nas unidades formativas que compoñen os certificados correspondentes, nos últimos 10 anos.*
- Competencia docente: cumprir os requisitos establecidos no artigo 168 do RD 659/2023, de 18 de xullo:*

*a) Dispoñer do título de grao universitario, licenciado ou licenciada, Enxeñeiro ou Enxeñeira e Arquitecto ou Arquitecta, ou titulación equivalente ou, no seu caso, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, determínese, de acordo con a normativa que regule cada grao, así como dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional. Considerarase autorizados, a efectos de docencia nos módulos profesionais dos graos B e C ou bloques formativos de graos A, ademais dos que estean en posesión do grao universitario, ou titulación equivalente, os que contén cunha titulación de Técnico ou Técnico Superior ou, no seu caso, unha certificado profesional de nivel 2 ou nivel 3.(...)*

*b) Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo, sen prexuízo da normativa de aplicación en materia de incompatibilidades.*

*c) Ter experiencia profesional de, polo menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir, que actuarán en calidade de persoal experto, e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional.”*

*Advírtese que a experiencia requirida de 12 meses nas unidades formativas que compoñen os*





certificados de cociña debe entenderse incluída na experiencia de, polo menos, catro anos axustada aos estándares de competencia asociada aos módulos profesionais; e en consecuencia procedería admitir ás seguintes persoas candidatas a docentes de cociña excluídas por non acreditar a requirida experiencia dos 12 meses, pero que teñen acreditada documentalmente a experiencia de 4 anos referida no apartado c) anterior coa solicitude presentada en prazo:

- Juan Jose Acuña Vaqueiro, que se ben non aportou as declaracións responsables si presenta o modelo de Anexo I de solicitude coa cláusula “Declaro baixo a miña responsabilidade que coñezo as bases desta convocatoria, que reuno os requisitos esixidos nas bases e que son certos os datos que figuran nesta solicitude”, que enmendaría a falta.
- Alfredo Gandara Pereiro

Con respecto á contratación de persoal docente para a formación en xestión da información e a comunicación procede remitir á oficina de emprego correspondente unha solicitude de ampliación de sondaxe da oferta remitida ao non dispoñer de ningunha persoa candidata para esta contratación.

Vistas as renuncias presentadas por María Teresa García Tarjuelo, candidata proposta polo tribunal cualificador para a contratación como Directora e por Oscar Calero Escobar, segundo e último candidato proposto; procédese á revisión da documentación presentada polas persoas aspirantes excluídas e advírtese que Angela Vizoso Marcos, foi excluída como candidata a directora por non acreditar a experiencia laboral mínima requirida de 12 meses non baremable, cando coa documentación aportada figura un certificado de servizos prestados no cal, aínda que non inclúe as funcións realizadas, si consta que exerceu o cargo de Concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local durante 548 días; que procede admitir como documento acreditativo da experiencia laboral requirida como directora.

En consecuencia, procede corrixir os erros materias advertidos no Decreto de alcaldía número 2023-3503 de data 22/11/23 de aprobación da lista definitiva de aspirantes a persoal dirección, docencia e apoio OE PORREMPEGO CUALIFICA II; ao abeiro do artigo 109.2. da Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto, a Concelleira delegada de Emprego e Formación do Concello do Porriño, D<sup>a</sup>. Ascensión Rosario Costas Táboas, emite o presente informe e **propón:**

**Primeiro.-** Que se aprobe a rectificación dos erros materiais advertidos no Decreto de alcaldía número 2023-3503 de data 22/11/23 de aprobación da lista definitiva de aspirantes a persoal dirección, docencia e apoio OE, de xeito que:

- Onde di:

**“1.- Admitidos/as definitivos:**

<b>CONTRATACIÓN 1 DIRECTOR/A</b>
<b>Apelidos e Nome</b>
CALERO ESCOBAR, OSCAR
GALVAN ISERTE, LUIS MIGUEL
GARCIA TARJUELO, MARIA TERESA
PEREZ ALVAREZ, MARIA DE LOS DOLORES
RODRIGUEZ OUTERELO, MARIA ISABEL
<b>CONTRATACIÓN 1 DOCENTE COCIÑA</b>
<b>Apelidos e Nome</b>





Concello do Porriño

BARREIRO MALDONADO, FRANCISCO JAVIER
MARTINEZ MARTINEZ, PATRICIA
RODRIGUEZ CERDEIRA, MARIA LUZ

**2.- Excluídos/as definitivos:**

<b>DIRECTOR/A</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	<b>Motivos de exclusión</b>
BLANCO LAGO, MARIA ESMERALDA	2
LAGO PORTELA, MARIA JOSE	8
MINIÑO BARREIRO, RAQUEL	6
RODRIGUEZ SEOANE, PEDRO JOSE	6
SUAREZ PERTIERRA, ISIDRO	6
VIZOSO MARCOS, ANGELA	6
<b>DOCENTE COCIÑA</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	<b>Motivos de exclusión</b>
ACUÑA VAQUEIRO, JUAN JOSE	2 e 6
GANDARA PEREIRO, ALFREDO	6
LORENZO ALVAREZ, JUAN MANUEL	3,4,5,6 e 7
PEREZ MOSQUERA, FRANCISCO JAVIER	1,2,3,4 e 6

- Debe dicir:

**“1.- Admitidos/as definitivos/as:**

<b>CONTRATACIÓN 1 DIRECTOR/A</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	
CALERO ESCOBAR, OSCAR	
GALVAN ISERTE, LUIS MIGUEL	
GARCIA TARJUELO, MARIA TERESA	
PEREZ ALVAREZ, MARIA DE LOS DOLORES	
RODRIGUEZ OUTERELO, MARIA ISABEL	
VIZOSO MARCOS, ANGELA	
<b>CONTRATACIÓN 1 DOCENTE COCIÑA</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	
ACUÑA VAQUEIRO, JUAN JOSE	
BARREIRO MALDONADO, FRANCISCO JAVIER	
GANDARA PEREIRO, ALFREDO	
MARTINEZ MARTINEZ, PATRICIA	
RODRIGUEZ CERDEIRA, MARIA LUZ	

**2.- Excluídos/as definitivos:**

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579





<b>DIRECTOR/A</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	<b>Motivos de exclusión</b>
BLANCO LAGO, MARIA ESMERALDA	2
LAGO PORTELA, MARIA JOSE	8
MINIÑO BARREIRO, RAQUEL	6
RODRIGUEZ SEOANE, PEDRO JOSE	6
SUAREZ PERTIERRA, ISIDRO	6
<b>DOCENTE COCIÑA</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	<b>Motivos de exclusión</b>
LORENZO ALVAREZ, JUAN MANUEL	3,4,5,6 e 7
PEREZ MOSQUERA, FRANCISCO JAVIER	1,2,3,4 e 6

**Segundo.-** Que se remita á oficina de emprego correspondente unha solicitude de ampliación de sondaxe da oferta remitida ao non dispoñer de ningunha persoa candidata para a contratación de persoal docente para a formación en xestión da información e a comunicación.

**Terceiro.-** Que se convoque ao tribunal cualificador para o vindeiro día 11/12/23 no Edificio Multiusos de Torneiros ás 08:30 horas, para proceder á valoración dos méritos alegados e a realización da proba práctica polas persoas aspirantes admitidas á vista dos erros materiais advertidos.

**Cuarto.-** Convocar ás persoas aspirantes admitidas á vista do erro material advertido para o día 11/12/23 no Edificio Multiusos de Torneiros ás 10:00 para realizar a proba práctica.

**Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Concelleira Delegada de Emprego e Formación."**

O Sr. Alcalde-presidente, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, tendo en conta a proposta formulada, as bases do proceso de selección, a Orde de 21 abril, a Resolución de concesión de subvención; seguindo as Instrucións da Dirección Xeral de Formación; e de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro; e o RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, **DECRETA:**

**Primeiro.-** Que se aprobe a rectificación dos erros materiais advertidos no Decreto de alcaldía número 2023-3503 de data 22/11/23 de aprobación da lista definitiva de aspirantes a persoal dirección, docencia e apoio OE, de xeito que:

- Onde di:





**“1.- Admitidos/as definitivos:**

<b>CONTRATACIÓN 1 DIRECTOR/A</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	
CALERO ESCOBAR, OSCAR	
GALVAN ISERTE, LUIS MIGUEL	
GARCIA TARJUELO, MARIA TERESA	
PEREZ ALVAREZ, MARIA DE LOS DOLORES	
RODRIGUEZ OUTERELO, MARIA ISABEL	
<b>CONTRATACIÓN 1 DOCENTE COCIÑA</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	
BARREIRO MALDONADO, FRANCISCO JAVIER	
MARTINEZ MARTINEZ, PATRICIA	
RODRIGUEZ CERDEIRA, MARIA LUZ	

**2.- Excluídos/as definitivos:**

<b>DIRECTOR/A</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	<b>Motivos de exclusión</b>
BLANCO LAGO, MARIA ESMERALDA	2
LAGO PORTELA, MARIA JOSE	8
MINIÑO BARREIRO, RAQUEL	6
RODRIGUEZ SEOANE, PEDRO JOSE	6
SUAREZ PERTIERRA, ISIDRO	6
VIZOSO MARCOS, ANGELA	6
<b>DOCENTE COCIÑA</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	<b>Motivos de exclusión</b>
ACUÑA VAQUEIRO, JUAN JOSE	2 e 6
GANDARA PEREIRO, ALFREDO	6
LORENZO ALVAREZ, JUAN MANUEL	3,4,5,6 e 7
PEREZ MOSQUERA, FRANCISCO JAVIER	1,2,3,4 e 6

- Debe dicir:

**“1.- Admitidos/as definitivos/as:**

<b>CONTRATACIÓN 1 DIRECTOR/A</b>	
<b>Apelidos e Nome</b>	
CALERO ESCOBAR, OSCAR	
GALVAN ISERTE, LUIS MIGUEL	





GARCIA TARJUELO, MARIA TERESA
PEREZ ALVAREZ, MARIA DE LOS DOLORES
RODRIGUEZ OUTERELO, MARIA ISABEL
VIZOSO MARCOS, ANGELA
<b>CONTRATACIÓN 1 DOCENTE COCIÑA</b>
<b>Apelidos e Nome</b>
ACUÑA VAQUEIRO, JUAN JOSE
BARREIRO MALDONADO, FRANCISCO JAVIER
GANDARA PEREIRO, ALFREDO
MARTINEZ MARTINEZ, PATRICIA
RODRIGUEZ CERDEIRA, MARIA LUZ

## 2.- Excluídos/as definitivos:

DIRECTOR/A	
Apelidos e Nome	Motivos de exclusión
BLANCO LAGO, MARIA ESMERALDA	2
LAGO PORTELA, MARIA JOSE	8
MINIÑO BARREIRO, RAQUEL	6
RODRIGUEZ SEOANE, PEDRO JOSE	6
SUAREZ PERTIERRA, ISIDRO	6
DOCENTE COCIÑA	
Apelidos e Nome	Motivos de exclusión
LORENZO ALVAREZ, JUAN MANUEL	3,4,5,6 e 7
PEREZ MOSQUERA, FRANCISCO JAVIER	1,2,3,4 e 6

**Segundo.-** Que se remita á oficina de emprego correspondente unha solicitude de ampliación de sondaxe da oferta remitida ao non dispoñer de ningunha persoa candidatapara a contratación de persoal docente para a formación en xestión da información e a comunicación.

**Terceiro.-** Que se convoque ao tribunal cualificador para o vindeiro día 11/12/23 no Edificio Multiusos de Torneiros ás 08:30 horas, para proceder á valoración dos méritos alegados e a realización da proba práctica polas persoas aspirantes admitidas á vista dos erros materiais advertidos; así como que se rectifique a exclusión do aspirante a docente de cociña, Francisco Javier Barreiro Maldonado, para poder realizar a proba práctica.

**Cuarto.-** Convocar ás persoas aspirantes admitidas á vista do erro material advertido para o día 11/12/23 no Edificio Multiusos de Torneiros ás 10:00 para realizar a proba práctica.





Concello do Porriño

**Quinto.-** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), sección porremprego.

**Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde e o Secretario xeral**

